



- [Inicio](#)
- [Que é Eganet](#)
- [Proxectos e Actividades](#)
- [Noticias](#)
- [Socios](#)
- [Bolsa de emprego](#)
- [Enlaces](#)
- [Premios Eganet 2013](#)
- [Galego](#)

[Inicio](#) > [Noticias](#) > [Noticias](#) > [Empresas socias](#)

Finalistas dos Premios Eganet 2013

Miércoles, 29 de Enero de 2014 15:05

Gústame 1

Share

Twittear

g+1 0

Share



O xurado dos premios anuais que concede a Asociación de Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet) ven de resolver e facer públicos os **finalistas da X Edición dos Premios Eganet 2013** de entre as 105 candidaturas presentadas.

O vindeiro **venres día 31 de xaneiro de 2014** terá lugar o acto de entrega dos galardóns no **Pazo de Congressos Mar de Vigo**, nunha gala que comezará ás **12.30h da mañá**, ao longo do cal coñeceremos aos gañadores nas cinco categorías a concurso.

No transcurso da Gala, entregaremos o Premio Especial Eganet que foi elixido en votación interna polos socios de Eganet, que recaeu este ano no **programa Banda Ancha da Radio Galega** dirixido por **Xosé María Fernández Pazos**. Programa de radio que cumpre cinco anos adicados á difusión das novas tecnoloxías e a sociedade de información en Galicia.

A listaxe definitiva de finalistas é a seguinte:

Categoría: Proxecto Colaborativo TIC

- Murallas Dixitais, presentado por Astrágalo Studio, Academia Postal3 Vigo, G12 Grupo e CLICTIC

- Portal das Palabras, presentado por imaxin|software, Real Academia Galega (RAG), Fundación Barrié e CG Producións
- Integración CMS e ERP, presentado por Visual Publinet e Inteco Ingeniería
- Feirón, presentado por R, Softwhisper, A Navalla Suiza e Tuapli

Categoría: Aplicación Software

- SmartNauTic - Navegador nautico en realidade aumentada, presentado por Human Soft
- Pictoaplicaciones, presentado polo Grupo Promedia
- iPetrol - Monitorización de Estacións de Servicio, presentada por Conexiona Telecom
- xeoPesa, presentado pola Asociación xeoPesca

Categoría: Comunicación Dixital

- Campaña en Galicia do Sorteio de Oro de Cruz Roja, presentado por Nasas, Agencia Creativa de Marketing Online
- Open Day Entremetidos - La Atalaya Coruñasa, presentado por Entremetidos
- O Castelo da Rocha Forte, presentado polo Concello de Santiago de Compostela
- Portal das Palabras, presentado por imaxin|software

Categoría: Negocio Online

- Felicítame.es, presentado por Contact Comunicación
- "Un puntazo" programa de fidelización e ecommerce, presentado por Disashop
- Xcloud Bookstore, presentado por Enxenio
- El Faro de los Tres Mundos, presentado por Visual Publinet

Categoría: Proxecto Emprendedor TIC

- Astrágalo Studio
- Creappcuentos
- Softwhisper
- Ganapán Comunicación

Os gañadores de cada categoría daranse a coñecer no transcurso da Gala dos Premios que se celebrará o próximo **venres, día 31 de xaneiro de 2014, no Pazo de Congresos Mar de Vigo**, un acto que por segundo ano se celebra en conxunto coa Lacon Network 4th na que entre outras actividades teremos unha conferencia de **Enrique Dans**.

A Gala terá este ano dous presentadores moi vencellados ao mundo do emprendimento: Eloy Gesto de Escuela Inventa e Marisol Vázquez de Grupo Affines, ambos promotores do evento OpenYourMindSCQ.

A entrega dos Premios Eganet 2013 comezará ás **12:30h e a asistencia é gratuíta**, só é preciso confirmar a asistencia no seguinte enlace:

<http://eganet2013.avatools.com/rexistro.asp>